



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO "SERVIZO DE AULA MATINAL E TARDÍA". Expte 2206/2024. (Apertura e cualificación da documentación presentada polos licitadores, Sobres A, doc. Administrativa, e se procede Sobre B, oferta económica

Na Casa do Concello, ás 13:55 horas do día 17 de xuño de 2024, reúnen os membros compoñentes da Mesa de Contratación para a adxudicación do contrato para a o servizo "SERVIZO DE AULA MATINAL E TARDÍA", integrada por:

Presidente: José Luis Franco Pintos, administrativo adscrito á unidade de contratación.

Secretaria: Angelina Carrera Márquez, funcionaria administrativa adscrita á Secretaría.

Vogais: Carlos López Quintáns, secretario municipal do Concello de Ponteareas, Ana María Rial Acosta, interventora municipal e Dalmacio Vázquez Troncoso, Administrativo adscrito ao departamento de Ensino, segundo o disposto na Resolución da Alcaldía nº 2024-2204, de 13 de xuño de 2024.

O obxecto desta Mesa é proceder á apertura do sobre A que contén a documentación administrativa e se procede á do sobre B que contén a oferta económica presentada polos licitadores, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público para a adxudicación do contrato para o servizo "SERVIZO DE AULA MATINAL E TARDÍA", nos centros educativos de infantil e primaria Nosa Sr dos Remedios, Fermín Bouza Brey, Mestre Ramiro Sabell Mosquera, Feliciano Barrera de Guláns, Santiago de Oliveira E CRA A Picaraña cun orzamento base de licitación anual de 57.237,40 euros (exento IVE), sendo o prezo máximo de licitación da aula matinal ou aula tardía de 35,00 euros, ou, aula matinal máis aula tardía, tratándose do mesmo alumno/a, de 40,00 euros e que se leva a cabo na data previamente publicada no perfil do Contratante.

O Procedemento de contratación é aberto no que a adxudicación do servizo recaerá na mellor oferta en relación calidade-prezo.

O Presidente dá por constituída a Mesa de contratación.

Despois de acceder á Plataforma de Contratación do Sector Público, compróbase que se presentaron os seguintes licitadores:

- ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L, de Lalín, o día 12 de xuño de 2024, ás 11:41 horas, representada por José Antonio López Alvarellos.

- ACTIVIDADES FORMATIVAS S.L. de, Zaragoza, o día 12 de xuño de 2024, ás 14:26 horas, representada por Jesús del Pozo Sierra



Pola secretaria da Mesa infórmase que ditas empresas presentaron a documentación en tempo e forma

De seguido procédese, en acto non público, á apertura do Sobre A que conteñen a seguinte documentación:

- **ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L.**, presenta:

-Declaración responsable para participar na licitación, conforme ao Anexo I, da que se desprende que se atopa inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, que non pertence a grupo empresarial e que autoriza a consulta de datos.

A Mesa cualifica correcta a Declaración responsable e admítea á licitación.

- **ACTIVIDADES FORMATIVAS S.L.** presenta:

-Declaración responsable para participar na licitación, conforme ao Anexo I, da que se desprende que se atopa inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, que non pertence a grupo empresarial e que autoriza a consulta de datos.

A Mesa cualifica correcta a Declaración responsable e admítea á licitación.

A continuación, en acto público, procede a apertura do Sobre B, que contén a oferta económica.

-**ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L.**, oferta:

- Programa de aula matinal ou tardía: **34,10 euros**
- Programa de aula matinal máis aula tardía: **38,90 euros**
- Plan lúdico para o alumnado: **5 días por semana**
- Bolsa de horas adicionais de monitor: **75 horas**
- Compromiso de adscribir os medios materiais e persoais necesarios para a execución do contrato.
- Non ten previsto subcontratar.

- **ACTIVIDADES FORMATIVAS S.L.** oferta:

- Programa de aula matinal ou tardía: **34,45 euros**
- Programa de aula matinal máis aula tardía: **39,45 euros**
- Plan lúdico para o alumnado: **5 días por semana**
- Bolsa de horas adicionais de monitor: **75 horas**
- Compromiso de adscribir os medios materiais e persoais necesarios para a execución do contrato.
- Non ten previsto subcontratar.

De seguido compróbase o posible carácter anormalmente baixo das ofertas e para elo aplícase o disposto na cláusula 11ª do Prego de cláusulas administrativas particulares: *“Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta”*.



O resultado de considerar dito criterio é que ningunha das empresas licitadoras se atopa en baixa temeraria .

A efectos e aplicar a fórmula e atribuír os puntos, considérase oferta en conxunto a suma dos prezos ofertados pola licitadora en relación con Aula matinal ou tardía, sumando a este prezo o ofertado por aula matinal máis aula tardía, polo que finalmente outorgas a seguinte puntuación:

LICITADORAS	AULA MATINAL OU TARDÍAS	AULA MATINAL MÁIS TARDÍA	PLAN LÚDICO	BOLSA HORAS	PUNTUACIÓN TOTAL
ALVALOP SERVICIOS XXI	34,10	38,90	(5 días/semana)	(75 horas)	100
	73,00 = 60 p		25 p	15 p	
ACTIVIDADES FORMATIVAS	34,45	39,45	(5 días/semana)	(75 horas)	99,27
	73,90 = 59,27 p		25 p	15 p	

Á vista do resultado acadado a Mesa propón ao órgano de contratación a adxudicación do "SERVIZO DE AULA MATINAL E TARDÍA", a favor da empresa **ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L**, con CIF B 36591063, conforme a súa proposta por resultar a máis vantaxosa (programa de aula matinal ou tardía: **34,10 euros**; programa de aula matinal máis aula tardía: **38:90 euros**; plan lúdico para o alumnado: **5 días por semana**; bolsa de horas adicionais de monitor: **75 horas**), previa presentación da seguinte documentación referida na cláusula 12ª do Prego:

-Documentación xustificativa de ter constituído a garantía definitiva do 5 por 100 (cinco por cento) do importe de adxudicación. A garantía poderá constituírse en calquera das formas establecidas no artigo 108 da LCSP, cos requisitos establecidos no art. 55 e seguintes do RXLCAP.

-Documentación xustificativa da solvencia esixida na cláusula 8ª do prego, e no caso de recorrer á capacidade doutras entidades, acreditación de dispoñer dos recursos necesarios mediante a presentación do compromiso por escrito de ditas entidades.

- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos: Certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas clasificadas do Sector Público ou no Rexistro de Licitadores da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso de que non estar inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia deberá achegar:

1) Os que acrediten a personalidade e a capacidade de obrar do licitador e, se é o caso, a súa representación.



A capacidade de obrar dos empresarios que fosen persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura de constitución e de modificación, se é o caso, e os estatutos, inscritos no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente Rexistro oficial. **Documento Nacional de Identidade**, cando se trate de empresarios individuais.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase mediante a inscrición nos Rexistros ou a presentación das certificacións que se indican no anexo I do RXLCAP, en función dos diferentes contratos.

A capacidade de obrar das empresas estranxeiras non comprendidas no parágrafo anterior acreditarase mediante o informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa, que se acompañará á documentación que se presente, se o estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga.

2) Poder bastante para tal efecto a favor das persoas que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro. Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil. Se se trata dun poder para acto concreto non é necesaria a inscrición no Rexistro Mercantil, de acordo co art. 94.5 do Regulamento do Rexistro Mercantil.

3) Declaración responsable de non estar incurso o licitador nas prohibicións para contratar recollidas no artigo 71 da LCSP. A proba do declarado poderá facerse por calquera dos medios sinalados no artigo 85 da LCSP.

4) As empresas estranxeiras non comunitarias, ademais, deberán acreditar que teñan aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para a súas operacións e que estean inscritas no Rexistro Mercantil.

5) As empresas estranxeiras presentarán unha declaración expresa de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois en calquera orde, para todas as incidencias que dun modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante.

Os documentos poderán presentarse orixinais ou mediante copias auténticas.

De non cumprir adecuadamente o requirimento en prazo, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitarlle a mesma documentación ao licitador seguinte na orde de clasificación.

E cando son as 14:13 horas, dase por rematado este acto, do que eu secretaria da Mesa dou fe.



